

## **NOME E APELIDOS:**

### **1. Señala as perífrases verbais e indica o seu valor:**

-Vou deixar o coche no aparcadoiro, que onte houbéronmo roubar; xa tiña a fechadura un pouco forzada. Cando acabe de pagar a casa, hei de mercar unha praza de garaxe porque quero durmir tranquilo e non ter que andar con preocupacións.

-Este mes andan a recoller os pexegos. Segundo a televisión, está para mudar o tempo e hai que darse présa.

-Debe vivir aquí un gaitero. Sempre está ensaiando e deberías chamarlle a atención para que non volva a tocar a esas horas da noite.

-A miña curmá vai ter un fillo. Non ficaba embarazada desde que se puxo a traballar na tenda, e agora volverá a pedir a baixa.

-Puido morrer no accidente e desde entón deu en beber como unha esponxa. Como non deixe de visitar tanto os bares vai acabar con cirrose.

-Cando rompa a ferver a auga, bótalle as nabizas, que xa han estar medio cocidas noutra pota; báixaslle o lume e, cando remate de ferver, volves a botarlle máis auga.

-Boteime a correr detrás del, xa o estaba collendo cando o escorreguei e houben caer.

-Breixo segue sendo un lacazán; leva facendo que traballa moito tempo, porque di que non dá atopado un oficio á súa medida.

-Ti vai andando diante, que eu xa che levo camiñando moito e estou desfeito.

### **2. Conxuga os infinitivos sempre que poidas. Explicao.**

-Non sodes quen de recadar todo o que vos estiven a dicir.

-Estiveches a piques de quebrar máis dun óso. En lugar de escordar o nocello puideches perder a vida.

-Esperei o tanguer das campás con vehemencia.

-Non hai siso: saír nós agora, para ter que volver axiña.

-Debemos, aínda que non queiras, marchar xa.

-De seguir os atallos atinxiredes o camino.

-Sentinvos montar moito barullo ata ben entrada a noite.

-Temos que irnos.

-Podemos pasar pola rúa do Progreso para ir de paso á casa ad Mariña.

-Cómpre levar (vos) o meniño.

### 3. Indica o participio regular e/ou irregular dos seguintes verbos:

-erguer	resolver	acender
-morrer	imprimir	enxugar
-prever	describir	suxeitar
-nacer	acender	recoller
-retorcer	abrir	descubrir
-limpar	escorrer	comer

LEMBRA: Nos verbos que teñen participio regular e irregular, os participios regulares aparecen nas perífrases por exemplo con dar (non o dei cansado) ou na construción pasiva (foi espertado por un ruído, os cans foron ceibados polos donos) e as formas irregulares realizan funcións propias de adxectivo (millo comesto polos ratos...). Algúns participios regulares tamén poden aparecer nestes contextos: pagada a conta/libros escollidos/chegaron cansados).

### 4. Utiliza as formas verbais precisas en Presente de indicativo.

-Eu \_\_\_\_\_ (presentir) que ti \_\_\_\_\_ (eludir) sempre as miñas preguntas.

-Ti \_\_\_\_\_ (presentir) que \_\_\_\_\_ (haber) pantasmas, pero non \_\_\_\_\_ (intuír) vibracións extraterrestres.

-\_\_\_\_\_ (valer) o meu peso en ouro: \_\_\_\_\_ (caer) ben á xente porque \_\_\_\_\_ (sobresaír) en simpatía.

-El non \_\_\_\_\_ (desmentir) o romance porque \_\_\_\_\_ (intuír) que lle \_\_\_\_\_ (ir) reportar substanciosos beneficios.

-\_\_\_\_\_ (cumprir) deixar claro que se \_\_\_\_\_ (ferir) os sentimentos da xente non \_\_\_\_\_ (ser) por causa túa.

-Eu \_\_\_\_\_ (deducir) que ela \_\_\_\_\_ (tusir) e \_\_\_\_\_ (cuspir) no pano por mor da catarreira que pillou onte.

### 5. Conxuga as formas verbais na persoa , modo e tempo que se indica.

-Dixo que \_\_\_\_\_ unha morea coa película que non \_\_\_\_\_ desde que \_\_\_\_\_ mozos. (rir: P5,PT. Ind./ver: P5, COPT./ser: P5, COPT.)

-Se o \_\_\_\_\_ todo da súa parte por \_\_\_\_\_ con tempo. (saber: P6, PT.Subx./pór: P6.POSPT./vir: P5,INF.CONX.)

-Para que che \_\_\_\_\_ o pantalón \_\_\_\_\_ adelgazar un pouco. (valer: P3, Pr. Subx./deber: P2, Pr. Ind.)

- \_\_\_\_\_ unha esmola pequena, pero ti non \_\_\_\_\_ nin sequera un peso. (dar: P1, Pt. Ind./ dar: P2, Pt. Ind.)

-Non vos \_\_\_\_\_ por min, que eu \_\_\_\_\_ en calquera sitio. (preocupar: P5, Pr. Subx./ caber: P1 Pr. Ind.)

-Quizais \_\_\_\_\_ un destes días, por iso é preciso que \_\_\_\_\_ toda a roupa do bebé (parir: P3, Pr. Subx/traer: P4, Pr. Subx.)

- Que \_\_\_\_\_ todas as preguntas do exame non vos \_\_\_\_\_ para moito. (saber: P5, Pt. Subx./valer: P3,PT.Ind.)

- \_\_\_\_\_ se descanso, porque me \_\_\_\_\_ o libro que me regalaras polo aniversario. (ler: p1, PT.Ind. /pracer: P3, ANTP/ regalar: P2, ANTPT)

-Nós \_\_\_\_\_ os cartos para a voda e que \_\_\_\_\_ todos os que \_\_\_\_\_ (pór: P4, Pr. Ind./ ir: : P6, Pr. Subx./querer: P6,Pr.Subx.).

### 5. Pon en pretérito de indicativo as formas verbais en negriña cambiando non só os verbos, senón canto sexa preciso.

-Non me **satisface** a orde do goberno porque **antepón** o dereito ao traballo ao dereito á folga.

-Non me **prace** ver como os pais se **insmicen** na súa vida.

-**Dáme** moita alegría cando comenta que **traduce** para o inglés sen problemas.

-Non **sei** porque **ri** se non **cabe** nese sitio.

-Se **tingues** a saia xa verás como se eslúe a cor.

-Ti **prevés** que poden liscar sen velos ninguén?

-Non **podo** máis, **minguo** medio centímetro ao ano por beber ese feltro máxico.

-**Delinco** e **vou** ao cárcere por iso, pero non **creo** que o que **faga** sexa punible.

-**Predispomos** en contra os veciños ao contarlles que **hai** que tellar de novo porque cae todo.

-A sociedade **produce** máis e máis cartos cando as máquinas **extraen** o ouro da mina.

### 6. Indica o valor das formas verbais remarcadas en negriña:

-Quen **puidera** comprar todos eses cómics!.

-Afonso X **escribirá** as Cantigas de Santa María na segunda metade do século XIII.

-Todos os días **distribuía** as ordes antes de comezar a instrución.

-Non **comas** máis torta, que che vai facer dano.

-**Comprometeríase** vostede a viaxar a Marrocos comigo?

-Na nosa casa **comemos** decote pescada e panchos.

-Os alumnos **saen** do instituto ás 14:30 h e **marchan** axiña para a casa.

-**Percorrerás** todo o camiño e **chegarás** á súa casa para darlle as mensaxes.

-**Seriades** preto de setenta os que fostes de excursión onte.